



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Xestión Tributaria

Aprobación inicial da nova Ordenanza fiscal número 6, reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida, xestión, transporte e tratamento de residuos de competencia local

ANUNCIO

APROBACIÓN INICIAL DA NOVA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 6, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA, XESTIÓN, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE RESIDUOS DE COMPETENCIA LOCAL PARA ADAPTALA Á LEI 7/2022, DE 8 DE ABRIL, DE RESIDUOS E SOLOS CONTAMINADOS PARA UNHA ECONOMÍA CIRCULAR

O pleno da corporación municipal da Coruña, na sesión de carácter extraordinario celebrada o 31.07.2025, adoptou inicialmente o seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar inicialmente a nova Ordenanza fiscal número 6, reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida, xestión, transporte e tratamento de residuos de competencia local, para adaptala á Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, co texto que figura como anexo.

Segundo: Someter a información pública o acordo precedente, mediante publicación no Taboleiro de edictos do Concello e a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, así como nun dos diarios de maior difusión da provincia, coa finalidade de que as persoas interesadas poidan, durante un prazo de trinta días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación, realizar as alegacións e suxestións que consideren oportunas, deixando constancia expresa de que se durante o citado trámite non se presentase ningunha, o acordo de aprobación inicial se elevará a definitivo de forma automática”.

O acordo provisional estará exposto ao público durante un prazo de trinta días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no BOP, mediante edicto publicado no taboleiro de edictos do Concello, coa finalidade de que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. De non presentarse reclamacións no citado prazo, o acordo provisional elevarase automaticamente a definitivo e procederase á publicación do texto íntegro da ordenanza.

O expediente administrativo estará tamén a disposición das persoas interesadas, para o seu exame, no Servizo de Xestión Tributaria do Concello da Coruña (rúa da Franxa, número 20, 1º andar), así como no taboleiro de edictos da sede electrónica municipal: [Sede electrónica](#)

A Coruña, o 31 de xullo do 2025

José Manuel Lage Tuñas

Concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica

2025/5118